

Demandamos a limpeza dos contenedores de lixo

Estamos asistindo este verán a contínuas críticas por parte da cidadanía ante o lamentábel estado en que se atopan os contenedores de recollida de lixo, papel e vidro na nosa vila. Como ben sendo habitual nesta época do ano os fedores e o mal aspecto son unha moléstia que temos que padecer os que vivimos en Marín e aquelas persoas que nos visitan, dando unha imaxe un tanto terceiro-mundista.

Temos que reiterar, un ano máis, a nosa crítica a esta situación. Desde o Colectivo Nacionalista levamos tempo, xa no ano 2003 solicitamos solucións a este problema, demandando que por parte da empresa concesionaria do servizo de recollida se cumpra o prego de condicións, o contrato que ten co Concello, e limpe os contenedores cada quince días na tempada estival, cada mes o resto do ano. Está claro que isto non se fai, polo que a calor xunto coa suciedade dan lugar a unha situación de penosidade.

A isto hai que engadirlle a suciedade en que se atopan as beirarruas. Onde están as máquinas de limpeza que tan espectacularmente nos presentaron nos medios de comunicación e que custaron tantos millóns? Temos que dicir que

ultimamente non se ben por ningures.

Non se pode dar unha imaxe así un ano en que temos tantos visitantes e pretendemos que se unha referencia turística.

A raíz do problema está na privatización caprichosa do servizo de recollida. Desde

contenedores.

Non se entende o trato de favor que por parte do goberno municipal se lle dá a esta empresa, que veu incumprindo as súas obrigas constantemente na limpeza, na recollida e na construción dunha nave propia para os seus camiións, polo que agora segue utilizando unhas instalacións públicas.

Queremos pedirlle ao Sr. Alcalde que exerza como tal e soluciónese esta situación de deterioro

o principio a empresa non dá cumprimento as tarefas de limpeza de contenedores, repetindo-se cada ano esta situación. Tan só no inverno cando a calor e as chuvias minimizan a falta de limpeza non temos que soportar este problema, pero non porque se cumpran os prazos no aseo dos

estético e hixiénico das nosas rúas. Que a empresa concesionaria limpe os contenedores e as beirarruas, que non esperen a que choiva de novo para que lles soluciónese o problema, cumprindo as condicións contractuais polas que se lle paga.



O Colectivo Nacionalista de Marín integrouse na Coordinadora contra a guerra

A situación de extrema gravidade humanitaria que padecen os pobos libanés e palestino (Gaza e Cisjordania) tras os infames bombardeos levados a cabo pola inmundicia das forzas armadas do goberno israelí e que deixou un panorama luctuoso e desolador; fixo que se constituíra a finais de xullo a Coordinadora contra a guerra de Pontevedra integrada por diversos colectivos, entre os que se atopa o Colectivo Nacionalista de Marín, e persoas a título individual.

Ante a consternación que provoca en nós estes dramáticos acontecementos, as persoas que conformamos a plataforma movidos pola sensibilidade e a dor que se refuxía no fondo

dos nosos corazóns e impulsados pola moral humanista que nos alenta a lutar contra a impiedade dunha guerra cuxos instigadores se escudan nas súas ansias expansionistas de obtención de recursos naturais coma a auga e o gas natural, coa construción dun oleoduto que esquilmará a riqueza natural dos pobos árabes, críamos que tiñamos o deber moral de actuar contra os anhelos imperialistas dos aliados Israel e EEUU.

A ineptitude, complicidade, silencio da comunidade internacional e até certa connivencia da elite política perante esta guerra, fixo que convocáramos unha manifestación o pasado 4 de Agosto coincidindo simultaneamente

nas cidades de Vigo, Ourense, Santiago e Coruña e posteriormente unha concentración celebrada na praza da Peregrina de Pontevedra.

Co desexo de revitalizar e estimular o traballo participativo e autoxestionábel, levaranse campañas de concienciación e educación social á cidadanía a través de palestras, concentracións, encontros... que versarán sobre os conflitos que asolan o planeta e as súas causas e consecuencias.

Está no ánimo do Colectivo Nacionalista de Marín impulsar a participación daquelas persoas ou colectivos que teñan inquecandanzas e interese en traballar na Coordinadora contra a guerra.

Lumes: co novo goberno todo segue igual!

Galiza ven de sofrer por toda a súa xeografía, sobre todo no eixo atlántico, a vaga de lumes máis grande dos últimos anos que ademais de queimar miles de hectareas de monte se levou por diante a vida de 4 persoas e poñendo en perigo á de centos de persoas que trataban de salvar as súas vivendas e propiedades do lume.

Dende os anos 40 ven desenvolvendo-se unha equivocada política forestal baseada no monocultivo de especies foráneas coma o eucalipto en detrimento de especies propias limitando e empobrecendo a riqueza dos nosos montes e propiciando o verdadeiro sustento do terrorismo forestal. A situación ve-se agravada pola situación de abandono na que se atopan os montes froito da emigración de grande parte da poboación do rural cara as cidades ou outros puntos do estado na procura de mellores condicións de vida.

Fronte a estes problemas os sucesivos gobernos do PP na Xunta durante anos seguiu unha política de grandes

investimentos en medios de extinción, creando unha industria do lume que, movendo arredor de 70 millóns de euros ao ano, demostrou non ser válida. Malia isto o novo goberno da Xunta preferiu continuar con este tipo de política mantendo nos seus postos aos mesmos responsábeis que foran nomeados polo goberno do PP.

A organización e coordinación dos incendiarios xunto con que as zonas afectadas polos lumes son as máis desexadas polos grandes especuladores fai pensar que detrás dos lumes non estean tolos ou vandalos senón que existe unha trama organizada que ten muito interese en que

o noso monte se queime. Non podemos esquecer que nin a lei de montes nin os PXOUM evitan que se poda construír en solo rústico queimado. Por que non ardeu Marin, por que non tiña aprobado o plan de urbanismo?

O goberno de coalición PSOE-BNG parece querer escudar-se no argumento desta trama de incendiarios para eludir a parte de responsabilidade que ten no acontecido este verán. Para isto non dubidou en resucitar á plataforma Nunca Máis e a traveso da mesma convocar unha manifestación en con-



tra dos lumes e de loubanza da xestión governamental, como nos mellores tempos do franquismo.

Porén, o Colectivo Nacionalista ante futuras catastrofes como a acontecida reclama do goberno galego un cambio na política forestal xunto cunha maior prevención. Ademais disto debe ser unha obriga do goberno facer unha lei que non permita beneficiarse a ninguén polos terreos queimados.

Recuperando a memoria histórica en Marín

Neste ano da Recuperación da Memoria Histórica non podemos esquecer entre os centos de paseados e represaliados na nosa vila aos defensores no primeiro momento da República, como foron os que constituíron o 19 de xullo do 1936 o Comité de defensa da República, coñecido como o "Comité Revolucionario", e a Xestora Municipal Democrática. Pola súa iniciativa foron fusilados ou condeados a penas de carcere.

Entre os "elementos del Frente Popular" executados que formaron parte destes comités estaban o alcalde Antonio Blanco Solla, do PSOE, Bernardino de la Torre Fernández, Albino Agraso Santamaria, Santiago Ramos Ramos, Demetrio Lorenzo Ordóñez e Armando Iglesias Pérez. A penas de cadea foron condeados Eduardo Otero Molas, Angel Pita Barrio, Enrique González Portela,

Enrique Lourido Pazos, Antonio Martínez Hernández, Francisco López Crespo e Andrés Santos Rodríguez.

Tamén temos que salientar a actuación do auxiliar de Mariña José Pérez, que tentou apoderarse das instalacións da base naval e abortar o alzamento en Marín, sendo sometido a consello de guerra e condeado a morte, aínda que máis tarde lle fora conmutada esta pena.

Outro represaliado foi José Meis Martínez que exercía de mestre en Marín, escapou e agochouse en Moaña onde foi descuberto e detido, sendo fusilado no ano 1937.



Desde o Colectivo Nacionalista solicitamos ao concello as seguintes actuacións:

- Que polo respecto e a dignidade das vítimas se lle cámbien os nomes ás rúas que homenaxean aos responsábeis da represión en Marín.

- Que os nomes destas rúas sexan substituídas polos daquelas persoas que

padeceron a represión e pagaron coa súa vida a defensa da legalidade vixente, como recoñecimento tardío ao seu sacrificio. Que para iso se constituía unha comisión na que teñan cabida as asociacións e persoas

que traballan pola recuperación da memoria histórica na nosa vila.

- Que se inicien as xestións necesarias ante a igrexa católica para a retirada da placa da Igrexa Vella onde só se lembran aos caídos do bando fas-

cista.

- Que nun lugar tan emblemático e de triste lembranza como a Cruz da Maceira se coloque algún elemento artístico de homenaxe a todas as persoas que foron asasinadas alí.